



XAVIER SEOANE

Mércores 21 de abril, 20:00 h
Fundación Luis Seoane

Xavier Seoane (A Coruña, 1954). Escritor, profesor, conferenciante, articulista, comisario de exposicións e organizador cultural, participa desde a década de 1970 na renovación cultural, artística e literaria de Galicia. Membro fundador da revista e foro **Luzes de Galiza** e do grupo poético **De amor e desamor**, é autor de libros de poesía, ensaio, narrativa, aforismos, etc. En 2021 estréase na colección Merlín de Xerais co libro de poemas infantís **Canciós para Ana Lúa**, con ilustracións de Correa Corredoira. Entre outros, recibiu os premios Cidade da Coruña, Esquíu, Caixanova, Crítica Española e Espiral Maior. A súa obra está traducida a varios idiomas e foi seleccionada en múltiples antoloxías.

DICCIONARIO IRREAL PARA UN PAÍS IMPOSIBLE (Xerais, 2020)

Este Dicionario irreal para un país imposible é un libro singular, fermoso, entregado, distinto e atrevido sobre este vello e milenario país que é Galicia. Concibido con moita orixinalidade, editado con sumo coidado e fermosamente ilustrado por Ramón Trigo, o volume combina a óptica analítica, a imaxinación e o humor co sentido crítico, a reflexión matizada e a información exhaustiva. Escrito desde detrás da silveira, o seu formato permite lelo en calquera orde, focalizando a atención sobre os máis diversos aspectos do país galego, ese que procura o seu lugar na historia, na cultura e no reino do imaxinario e do proxectivo.

Neste singular e sorprendente dicionario xúntase a admiración pola linguaxe xunto coa devoción pola terra galega. Xavier Seoane consegue desvelar a nosa idiosincrasia e tamén as nosas eivas con espírito crítico e cun sentido do humor sutil e lampantín. O alento poético percorre toda a obra non só nos textos poéticos tan ben escollidos e sempre tan pertinentes que se espallan por todo o libro senón tamén na elección da palabra precisa que lle dá un ritmo harmónico a todo o texto.

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE



Somos o que
LEAMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015